

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

| | | | |
|-----------------------|--------------------------------------|--------------|-----------------------|
| Materia/Módulo | Bioloxía | Curso | 2º Bacharelato |
| Profesor/a | Alberte Rodríguez de Bernardo | | |

CONTIDOS

| | |
|---------------------|---|
| 1º TRIMESTRE | <p>Bloque 1: A base molecular e físico química da vida. (Temas 1-6)</p> <p>Bloque 2: A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía</p> <p>7.- La célula. El núcleo</p> <p>8.- Reprodución celular</p> <p>9.- La membrana plasmática e outros orgánulos membranosos.</p> <p>10.- Hialoplasma, citoesqueleto e estruturas non membranosas da célula</p> |
| 2º TRIMESTRE | <p>Bloque 2: A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía</p> <p>11.- Metabolismo celular e do ser vivo</p> <p>12.- Catabolismo</p> <p>13.- Anabolismo</p> <p>Bloque 3: Xenética e evolución (Temas 14-17)</p> |
| 3º TRIMESTRE | <p>Bloque 4: O mundo dos microorganismos. As súas aplicacións. Biotecnoloxía (Temas 18 e 19)</p> <p>Bloque 5: O sistema inmunitario (Temas 20 e 21)</p> |

AVALIACIÓN

| INSTRUMENTOS | VALORACIÓN |
|--|-------------------|
| Probas escritas | 80% |
| Boletíns de exercicios, cuestión ABAU na aula , test | 20% |

Calificación final da avaliación:

- Farase a media aritmética coas calificacións finais de cada un dos bloques traballados esa avaliación (se non hai calificación final dun bloque de contidos este bloque terase en conta na calificación final da seguinte avaliación). Para poder facer media a **nota mínima das probas será un 3**. Considerarase que esta parte da materia está superada se se acada unha **media igual ou superior a 5**.

- Ás probas escritas (sempre que se acade un 5 de nota media de todas as probas escritas da avaliación) haberá que engadirle as **calificacións dos test, boletíns de cuestións ABAU proxectos e ou traballos e a observación directa** do traballo e actitude na aula.

- En xeral, as **probas escritas terán unha porcentaxe na calificación final dun 80%** e o 20% restante incluírá os demais instrumentos de avaliación (**10% boletín de exercicios, cuestión ABAU na aula e 10% tests aula virtual**).

- **Non se aplicará redondeo na calificación final de cada avaliación, pero si para a avaliación final tendo en conta neste caso a nota media de cada unha das avaliacións.** O redondeo aplicarase a partir do decimal 5 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia.

Procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria:

- **A calificación final da materia** obterase de realizar a media aritmética das notas medias de cada un dos bloques de contidos.

- A **materia considerarase superada** se o alumno/a non ten ningún bloque de contidos suspenso ou si tendo un 4 nun deles, a media aritmética das tres avaliacións é superior a un 5.

- O **redondeo** aplicarase a partir do decimal 5 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia

- **Proba de “xuño”(ORDINARIA)**: O alumnado que non supere a materia disporá dun exame antes da avaliación final ordinaria. Este exame incluírá preguntas de desenvolver dos estándares de aprendizaxe puramente conceptuais, por outra banda, poderase esixir a entrega do caderno de actividades e traballos desenvolvidos durante a materia có fin de avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedimentais.

- **Proba de “setembro” (EXTRAORDINARIA)**: Se os alumnos/as non superaran a materia na avaliación final ordinaria disporán dun exame con todo o temario no mes de setembro. Tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades en setembro coas que avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedimentais.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

· **Caderno do profesor(Observación)**: Nel realizaranse anotacións periódicas sobre actitude, participación, aproveitamento do tempo, traballo e esforzo persoal. Realizaranse anotacións sobre a elaboración dos resumos/esquemas dos temas elaborados polo alumnado. Tamén é un instrumento útil á hora de valorar a planificación e desenvolvemento de traballos tanto individual coma en grupo, neste caso rexistrarase información sobre a organización individual ou grupal, cooperación, integración e relación entre os membros da clase, respecto...

· **Probas escritas**: permitirán avaliar o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe tanto conceptuais coma procedimentais. As probas constarán de 4-5 preguntas.

Nesta materia realizaranse (en xeral) dúas probas escritas en cada bloque de contidos. Na primeira avaliaranse os estándares de aprendizaxe da primeira parte do bloque e na segunda avaliaranse os estándares de todo o bloque de contidos (en xeral, das 4 ou 5 preguntas das que constará a proba 3 ou 4 serán da segunda parte e unha ou dúas preguntas dos estándares da primeira parte do bloque).

Inclúese a posibilidade de facer probas de bloques enteiros (xa avaliados) ó longo do curso cunha dobre finalidade: en primeiro lugar, avaliar de forma continua o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado e, en segundo lugar, búscase que o alumnado revise os contidos relacionados cos estándares ó longo do curso afianzando e despexando posibles dúbidas que poidan ir xurdindo.

- **Test aula virtual:** realizarase un test de cuestións de verdadeiro ou falso e preguntas de escolla ao remate da cada un dos temas.
- **Boletíns de cuestións ABAU:** Segundo a dinámica do grupo poderase realizar de dúas formas. Por unha banda o alumnado resolverá os boletíns de cuestións ABAU e entregaraos na data fixada para a súa avaliación e calificación ou por outra banda o alumnado resolverá cuestións ABAU na aula que serán recollidas polo profesor/a para a súa avaliación. En calquera dos casos unha vez rematado o tema e resoltas as cuestións ABAU o alumnado terá na aula virtual boletíns de cuestións ABAU resoltas para a súa revisión.
- **Resumos e esquemas da materia:** realizarase o rexistro do seguimento dos esquemas e resumos da materia elaborados polo alumnado.

RECUPERACIÓNS

Realizaranse ao comezo do seguinte trimestre, salvo na Terceira avaliación que coincidirá co exame de recuperación final da materia. Consistirán nun exame de todos os contidos da avaliación non superada.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Libro de texto ou temas escritos recollidos na aula virtual
- Libreta/ archivador
- Boletíns de exercicios de cada unidade didáctica.



Eu, pai/nai/titor/a
legal do/a alumno/a
Recibín o resumo da programación da materia de bioloxía do 2º curso de
bacharelato.

En San Cibrao a de setembro do 2022.

Fdo. Pai/nai/titor/a legal